



Boletín Nº 212. Jueves, 13 de setembro de 2007

[III. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA](#) [XUNTA DE GALICIA](#) [CONSELLERÍA DE TRABALLO](#) [DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA](#) [SERVIZO DE RELACIÓNS LABORAIS](#)

ANUNCIO Pág. 10112 Reg. 07/10210-x.

Convenio colectivo de Senax UTE 2 (Maessa-Laínsa)

Visto o expediente do Convenio colectivo de SENAX UTE 2 (MAESSALAINSA) (código convenio 1504082) que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 09.08.07, subscrito pola representación da empresa e polo seu delegado de persoal o 29.03.07, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.–Ordenar a súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

SEGUNDO.–Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC).

TERCEIRO.–Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 27 de agosto de 2007

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo.: María Debén Alfonso

Por substitución

(art. 8.3.1 D. 536/2005 do 06.10. DOG N.º 200)

O SECRETARIO

José García García

CONVENIO COLECTIVO DE SENAX U.T.E. 2 (U.T.E. MAESSA-LAINSA)

INDICE

Artigo 1.º.–Ámbito funcional

Artigo 2.º.–Ámbito temporal

Artigo 3.º.–Vinculación á totalidade

Artigo 4.º.–Absorción e compensación

Artigo 5.º.–Comisión mixta de interpretación

Artigo 6.º.–Xornada laboral

Artigo 7.º.–Retén de garda

Artigo 8.º.–Vacacións

Artigo 9.º.–Licenzas retribuídas

Artigo 10.º.–Salario base

Artigo 11.º.–Antigüidade

Artigo 12.º.–Pagas extraordinarias

Artigo 13.º.–Participación nos beneficios

Artigo 14.º.–Complemento de actividade

Artigo 15.º.–Complemento de transporte e distancia

Artigo 16.º.–Complemento de nocturnidade

Artigo 17.º.–Complemento tóxico, penoso e perigoso

Artigo 18.º.–Complemento de instrumentación

Artigo 19.º.–Complemento de central

Artigo 20.º.–Complemento de pistola

Artigo 21.º.–Complemento de varredora e outros complementos

Artigo 22.º.–Traballos especiais e paradas programadas

Artigo 23.º.–Horas extraordinarias

Artigo 24.º.–Axuda de comida

Artigo 25.º.–Axudas de custo

Artigo 26.º.–Pagamento de salarios

Artigo 27.º.–Organización do traballo

Artigo 28.º.–Traballos de superior categoría

Artigo 29.º.–Promoción

Artigo 30.º.–Seguro colectivo

Artigo 31.º.–Anticipos

Artigo 32.º.–Incapacidade temporal

32.º.1.–Aboamento incapacidade temporal por E.C. ou A.T.

32.º.2.–Incapacidade permanente

Artigo 33.º.–Roupa de traballo

Artigo 34.º.–Xubilación

Artigo 35.º.–Préstamos reintegrables

Artigo 36.º.–Garantías sindicais

Artigo 37.º.–Cota sindical

Artigo 38.º.–Asembleas

Artigo 39.º.–Emprego

Artigo 40.º.–Revisión salarial

Artigo 41.º.–Seguridade e hixiene

Artigo 42.º.–Condicións máis beneficiosas

Cláusula adicional primeira

Cláusula adicional segunda

Cláusula adicional terceira.

Beneficios sociais

Táboa salarial

ARTIGO 1.–ÁMBITO FUNCIONAL.

Este Convenio Colectivo será de aplicación ao persoal de “UTE MAESSA-LAINSA”, adicado á limpeza industrial da Central Térmica de ENDESA nas Pontes.

ARTIGO 2.–ÁMBITO TEMPORAL.

O Convenio terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2007 ata o 31 de decembro de 2008.

Quedarán automaticamente denunciado a partir do día 1 de novembro de 2008, podendo iniciarse a partir desa data a negociación dun novo convenio.

Será prorrogado en todos os seus conceptos mentres non se acade un acordo expreso nas novas negociacións.

ARTIGO 3.–VINCULACIÓN Á TOTALIDADE.

As condicións establecidas neste Convenio forman un todo orgánico indivisible, e para efectos da súa aplicación práctica serán consideradas globalmente en cómputo anual, sen que caiba a aplicación illada dalgunha das súas partes.

ARTIGO 4.–ABSORCIÓN E COMPENSACIÓN.

As retribucións establecidas neste Convenio compensan e absorben todas as existentes ata o momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a natureza ou a orixe das mesmas.

Os aumentos de retribucións que poidan producirse no futuro por disposicións legais de xeral aplicación, só poderán afectar ás pactadas neste Convenio, cando consideradas en cómputo anual, superen estas.

En caso contrario, serán absorbidas ou compensadas por estas últimas, subsistindo este Convenio nos seus propios termos e sen modificación ningunha nos seus conceptos, módulos e retribucións.

ARTIGO 5.–COMISIÓN MIXTA DE INTERPRETACIÓN.

Para a correcta interpretación e vixilancia do Convenio crearase unha COMISIÓN MIXTA DE INTERPRETACIÓN formada polo Comité de Empresa e

a representación dela que tomou parte nas deliberacións. A Comisión será presidida por quen a mesma designe en cada sesión, tendo en conta que o cargo recaerá unha vez en cada unha das dúas representacións.

A Comisión reunirse no prazo máximo de quince días desde a súa convocatoria e cantas veces sexa mester para resolver os problemas referentes á aplicación e interpretación do Convenio, tendo as súas resolucións carácter vinculante.

ARTIGO 6.–XORNADA LABORAL.

A xornada laboral será de 38 horas semanais de traballo efectivo, distribuídas da seguinte forma:

XORNADA CONTINUADA: de luns a mércores, de 7.00 a 15.00 horas.

Xoves e venres, de 7.00 a 14.00 horas.

XORNADA PARTIDA: de luns a mércores, de 8.30 a 13.15 e de 14.45 a 18.00 horas.

Xoves e venres, de 8.30 a 13.15 e de 14.45 a 17.00 horas.

O persoal en xornada partida pasará a xornada continuada durante o período do 15 de xuño ao 14 de setembro.

O persoal a xornada continuada disporá de 20 minutos de descanso para bocadillo, que terá a consideración de tempo traballado.

Os traballadores afectados por este Convenio disporán de 15 minutos á saída do traballo para asearse.

Se durante a vixencia deste Convenio se reducira a xornada semanal de ENDESA (As Pontes), e sempre que esta non sexa inferior a 37 horas semanais, adaptaríase a xornada en base a tal redución.

ARTIGO 7.–RETÉN DE GARDA.

Os sábados, domingos e festivos haberá un retén de persoal de garda, nomeado pola empresa, caso de non existir voluntarios suficientes, con horario de 7.00 a 13.00 horas e descanso luns e martes.

Por cada sábado, domingo ou festivo traballado percibirán unha prima segundo a táboa salarial anexa, se ben, poderán optar por percibir a prima e dous días de descanso ou só tres días de descanso. O terceiro día de descanso cobrarase da mesma forma que un dos outros dous.

ARTIGO 8.–VACACIÓNS.

Todo o persoal terá unhas vacacións anuais retribuídas de 32 días naturais. Os maiores de 50 anos terán 33 días.

Estas vacacións distribuiranse de tal forma que en todo momento estean traballando na C.T. As Pontes un mínimo de 17 persoas (60% do cadro de persoal).

A retribución será a do salario real correspondente á xornada ordinaria, exceptuando os complementos de distancia e transporte.

Empresa e Comité confeccionarán un calendario de vacacións procurando que todos os traballadores as collan entre o 15 de xuño e o 15 de setembro.

Os traballadores que se incorporen á empresa ao longo do ano terán a parte proporcional de vacacións que lles correspondan. Obligatoriedade de colleranse dentro do ano natural, non podendo ser compensadas en metálico nin acumuladas para anos sucesivos.

ARTIGO 9.–LICENZAS RETRIBUÍDAS.

O traballador, avisando coa debida antelación e posterior xustificación, terá dereito a licenzas retribuídas nos seguintes supostos:

- a) 15 días naturais en caso de matrimonio.
- b) 5 días por enfermidade grave de familiar de primeiro grao. Asímlase a primeiro grao a parella con quen se conviva.
- c) 5 días por falecemento de familiar en primeiro grao.
- 2 días por falecemento de familiar en segundo grao.
- 1 día por falecemento de familiar en terceiro grao.
- d) 6 días por nacemento de fillo.
- e) 1 día por traslado de domicilio habitual.
- f) A ter os permisos necesarios para concorrer a exames, cando se cursen estudos a obtención dun título académico ou profesional.
- g) Ao tempo imprescindible para recibir asistencia sanitaria, debendo xustificarse adecuadamente o tempo de permanencia. O traballador terá dereito ao cobro dos complementos polo tempo que xustifique de permanencia en consulta.
- h) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.

i) 1 día para a renovación do permiso de conducir.

j) 1 día para a renovación do D.N.I.

k) 1 día para o recoñecemento médico anual.

ARTIGO 10.–SALARIO BASE.

O salario base é o que se establece para cada categoría na táboa salarial anexa. O salario base devéngase por día natural.

ARTIGO 11.–ANTIGÜIDADE.

O complemento persoal por antigüidade consistirá en TRES BIENIOS do 5% do salario base e posteriores QUINQUENIOS do 7% do salario base. Respetarase o establecido no Decreto Lexislativo 1, do 24.3.95 que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

ARTIGO 12.–PAGAS EXTRAORDINARIAS.

Todo traballador afectado por este Convenio terá dereito a percibir 2 pagas extraordinarias por importe segundo a táboa salarial anexa, ou a parte proporcional ao tempo traballado segundo o seu período de devengo. Estas pagas denominaranse de VERÁN e NADAL.

A paga de Verán devengarase proporcionalmente ao tempo traballado no primeiro semestre e farase efectiva como máximo o día 20 de xuño.

A paga de Nadal devengarase proporcionalmente ao tempo traballado no segundo semestre e farase efectiva como máximo o día 20 de decembro.

ARTIGO 13.–PARTICIPACIÓN NOS BENEFICIOS.

Coa nómina do mes de febreiro percibirase unha gratificación por participación nos beneficios consistente na cantidade que figura na táboa salarial anexa.

Devengarase do día 1 de xaneiro ao 31 de decembro, proporcionalmente ao tempo traballado.

ARTIGO 14.–COMPLEMENTO DE ACTIVIDADE.

Percibirase para cada categoría, segundo a táboa salarial anexa e por día efectivo de traballo.

ARTIGO 15.–COMPLEMENTO DE TRANSPORTE E DISTANCIA.

Por día efectivo de traballo percibirase o complemento extrasalarial

denominado complemento de transporte e distancia, na cuantía establecida na táboa salarial anexa.

ARTIGO 16.–COMPLEMENTO DE NOCTURNIDADE.

O traballador que realice a súa xornada de traballo entre as 2200 e as 6.00 horas, percibirá en concepto de nocturnidade a cantidade establecida na táboa salarial anexa, por xornada efectivamente traballada.

ARTIGO 17.–COMPLEMENTO TÓXICO, PENOSO E PERIGOSO.

Pola excepcional toxicidade, penosidade e perigosidade que concurra en determinados postos de traballo percibirase un complemento na cuantía establecida na táboa salarial anexa, por xornada efectivamente traballada. Abonarase a parte proporcional no que exceda de 8 horas.

Percibirase o complemento nos seguintes traballos:

- Limpeza interior do silo de cinzas.
- Conducto de gases de saída e circulación.
- Limpeza interior de caldeira.
- Manta e alimentadores.
- Colectores e precipitadores.
- Prequentadores.

Así como en todos aqueles que legalmente se determine o dereito á súa percepción.

ARTIGO 18.–COMPLEMENTO DE INSTRUMENTACIÓN.

O persoal que realice traballos de instrumentación percibirá por cada xornada de traballo un complemento que será equiparable ao complemento de pistola.

ARTIGO 19.–COMPLEMENTO DE CENTRAL.

Percibirase para cada categoría, segundo táboa salarial anexa e por día traballado.

ARTIGO 20.–COMPLEMENTO DE PISTOLA.

Por día efectivamente traballado con pistola de auga a presión percibirase un complemento establecido na táboa salarial anexa.

Os seguintes traballos equiparanse, para efectos económicos, ao manexo de pistola de auga a presión:

- Aspirado de caldeira.
- Aspirado con equipo “MUNKEBO”.
- Pistoleado con hidrolimpadora de presión.
- Medidas de caudales de carbón pulverizado.

ARTIGO 21.–COMPLEMENTO DE VARREDORA E OUTROS COMPLEMENTOS.

Os peóns que manexen varredoras automóbiles percibirán por día efectivo de traballo no dito posto un complemento establecido na táboa salarial anexa.

Os traballos realizados nos postos denominados, Planta 2 de Trituración, Pozo de Trituración, Galerías (desde Trituración a Planta 6, e desde Trituración a Separación Magnética), Varanda de Control, Gorros Chineses de Cinza e Cintas Transversais do Parque de Carbóns, devengarán un complemento por día traballado establecido na táboa salarial anexa.

Pola excepcional toxicidade, o complemento devengado na Planta 6, por día traballado, será o establecido na táboa salarial anexa.

ARTIGO 22.–TRABALLOS ESPECIAIS E PARADAS PROGRAMADAS.

22.1. CALDEIRAS.

Os traballos especiais de caldeira realizaranse en dúas quendas de traballo diarias. Pola limpeza interior da caldeira completa percibirase unha prima establecida na táboa salarial anexa, ou a parte proporcional ao tempo traballado na dita limpeza. Independentemente percibirase o complemento de tóxico, penoso e perigoso.

22.2. CHEMINEAS.

Establécese unha prima establecida na táboa salarial anexa por todos os conceptos. Se a limpeza se realiza fora da xornada ordinaria, pagaranse as horas extras que correspondan.

22.3. MANTA E ALIMENTADORES.

Establécese unha prima establecida na táboa salarial anexa por operario e servizo completo.

22.4. COLECTORES E CONDUCTOS DE GASES DE SALIDA E CIRCULACIÓN.

Establécese unha prima establecida na táboa salarial anexa para todos estes traballos. No caso dos conductos a prima será por día completo traballado.

22.5. PRECIPITADORES.

Establécese unha prima establecida na táboa salarial anexa, por liña completa realizada.

ARTIGO 23.–HORAS EXTRAORDINARIAS.

1.1. Horas extraordinarias habituais: Supresión.

1.2. Horas extraordinarias exixidas pola necesidade de reparar sinistros ou outros danos de carácter extraordinario e urxentes: Realización.

1.3. Horas extraordinarias estruturais e as necesarias por ausencias imprevistas: Realización sempre e cando non sexa posible a substitución das mesmas por contratacións temporais previstas na lexislación vixente.

1.4. As horas extras aboaranse segundo a táboa salarial anexa, podéndose compensar a razón de 1 día de descanso por cada 5 horas extras realizadas.

1.5. As horas extras en sábado, domingo ou festivo aboaranse segundo a táboa salarial anexa, podéndose compensarse a razón de 1 día de descanso por cada 4 horas realizadas.

En caso de ser chamado para a realización de horas extraordinarias, aboarase un mínimo de 3 horas.

Mensualmente pasarase ao Comité de Empresa unha relación nominativa das horas extraordinarias realizadas.

ARTIGO 24.–AXUDA DE COMIDA.

En concepto de suplidos establécese, durante a vixencia do presente Convenio, unha axuda de comida segundo a táboa salarial anexa, por día traballado, para o persoal en xornada partida.

No caso de seguir facendo traballos despois da xornada laboral, aboarase este complemento. Non se aboará a dita axuda de comida cando:

* Sexa periodo de PARADA.

* Sexa sábado, domingo ou festivo, se se aboa a hora de comida, como

hora extra.

* Sexa día laboral, e se chame o persoal operario ao seu domicilio, para realizar traballos extraordinarios.

ARTIGO 25.–AXUDAS DE CUSTO.

O importe minimo para as axudas de custo establecidas no artigo 42 da ordenanza laboral é segundo a táboa salarial anexa.

ARTIGO 26.–PAGAMENTO DE SALARIOS.

Os salarios serán aboados nos tres primeiros días do mes, dispoñendo o traballador dunha hora de permiso para cobrar, sempre que o pagamento se realice por cheque ou transferencia bancaria.

ARTIGO 27.–ORGANIZACIÓN DO TRABAJO.

Tendo en conta da obrigatoriedade da Empresa de realizar todos os traballos establecidos nos contratos subscritos con ENDESA para a limpeza industrial na CENTRAL TERMICA, en particular os que merecen especial mención no artigo 22º, e a adscrición do persoal afectado por este convenio aos mesmos, convense a execución, aínda fóra da xornada normal de traballo.

A realización dos traballos fóra da xornada ordinaria de traballo farase con persoal voluntario dentro de cada categoría e especialidade, completando con traballadores de libre designación cando os voluntarios non foran suficientes.

Ambas as dúas partes comprométense para que, tanto dentro da voluntariedade como na designación, se rote entre todos os traballadores salvando as diferencias propias de categoría e profesión.

A Empresa, sen prexuízo da capacidade de organización que lle é propia, procurará rotar os traballadores por todos os postos de traballo propios da súa categoría.

ARTIGO 28.–TRABALLOS DE SUPERIOR CATEGORÍA.

Todo traballador que realice traballos de superior categoría por espazo de CATRO meses consecutivos ou SEIS alternos nun período dun ano, consolidará a retribución económica ao dito posto.

ARTIGO 29.–PROMOCIÓN.

A Empresa realizará cursos de formación e perfeccionamento do persoal, organizando os mesmos a través dos representantes dos traballadores.

Estes cursos, no caso de ser superados, servirán de mérito para valorar ascensos.

Independentemente do anterior, a Empresa virá obrigada a convocar prazas de ascenso, cando existan vacantes, mantendo unha relación porcentual entre as diferentes categorías. Acórdase crear unha Comisión formada por dous representantes de cada unha das partes negociadoras do Convenio para, conxuntamente, definir porcentaxes.

ARTIGO 30.—SEGURO COLECTIVO.

A Empresa subscribirá unha póliza de accidentes coa seguinte cobertura:

Por falecemento derivado de accidente laboral ou enfermidade profesional.

Por incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez derivada de accidente laboral ou enfermidade profesional.

Os capitales asegurados serán os establecidos na táboa salarial anexa.

A Empresa, no prazo dun mes a contar desde a sinatura deste convenio, actualizará as pólizas de referencia.

ARTIGO 31.—ANTICIPOS.

Todo traballador terá dereito a percibir anticipos á conta do traballo realizado, podendo chegar ata o 90% do salario mensual devengado. Considéranse datas hábiles para a súa solicitude os días 15 a 20 de cada mes, debéndose solicitar con, polo menos, un día laborable de antelación.

ARTIGO 32.—INCAPACIDADE TEMPORAL.

ARTIGO 32.1.—ABONO INCAPACIDADE TEMPORAL POR E.C. o A.T.

En caso de I.T. por enfermidade común, a Empresa complementará as prestacións ata o 100%, a partir do 8º día, dos seguintes conceptos: salario base, antigüidade, complemento de actividade, complemento de central, pagas extraordinarias e de participación en beneficios.

O complemento surtirá efectos sempre que as ausencias por I.T. non superen o 3%, en caso contrario o complemento aplicarase a partir do 15º día de baixa.

No suposto de baixa por accidente de traballo ou enfermidade profesional, darase o mesmo tratamento desde o primeiro día, pero respetando, en todo caso, as condicións máis favorables economicamente, se a aportación da S.S. supera a garantía anterior. Este mesmo criterio aplicarase nos casos de baixa con hospitalización, mentres permanezca internado.

ARTIGO 32.2.–INCAPACIDADE PERMANENTE.

O persoal que cause baixa na Empresa por incapacidade permanente, total ou absoluta, será substituído por outro traballador co mesmo carácter.

ARTIGO 33.–ROUPA DE TRABALLO.

A Empresa facilitará a todos os traballadores desde o primeiro día de traballo, as pezas de roupa de protección e hixiene necesarias. Estas pezas de roupa daránselle igualmente ao persoal que estea de baixa por enfermidade ou accidente. A cada traballador raráselle entrega de:

1 chaqueta de agua acolchada

2 fundas

1 traxe de faena

2 toallas de baño

12 pastillas de xabón HENO DE PRAVIA de 125 gramos.

1 par de zapatos de seguridade de coiro, cada seis meses.

1 camisa de verán

Entregarase unha funda a cada traballador que realice unha caldeira completa.

ARTIGO 34.–XUBILACIÓN.

www.cigservizos.org

Establécese a idade de 65 anos como xubilación obrigatoria, o persoal que se xubile coa citada idade será substituído por outro traballador contratado con carácter estable.

No relativo á xubilación aos 64 anos rexerá o establecido na lexislación vixente, sendo compensada segundo a táboa salarial anexa.

Establécese un premio por XUBILACIÓN ANTICIPADA para os traballadores cunha antigüidade mínima de SETE ANOS que decidan xubilarse voluntariamente de acordo coa táboa salarial anexa, sempre que a xubilación supoña a amortización do posto de traballo.

ARTIGO 35.–PRÉSTAMOS REINTEGRABLES.

O persoal fixo poderá solicitar da Empresa a concesión de préstamos reintegrables.

Estes préstamos terán como finalidade axudar aos traballadores nos supostos de gastos imprevistos ou extraordinarios e para tal efecto dotarase un FONDO SOCIAL segundo a táboa salarial anexa.

Elaboraranse os criterios para a concesión destes, que terán un límite segundo a táboa salarial anexa por traballador.

Quedarán a criterio da Empresa a concesión ou non dos préstamos, así como o prazo de amortización, que non poderá superar os dous anos.

ARTIGO 36.–GARANTÍAS SINDICAIS.

Os membros do Comité de Empresa disporán da reserva de horas mensuais que establezan as Leis para o desenvolvemento das súas funcións de representación.

As horas poderán acumularse nun ou en varios membros do Comité, non computándose dentro do crédito horario as investidas na negociación do convenio ou a petición da Empresa.

ARTIGO 37.–COTA SINDICAL.

A Empresa, por petición dos traballadores afiliados a unha Central Sindical, descontará en nómina o importe da cota mensual de afiliación, que será posta a disposición das centrais por esta. A solicitude será por escrito e permanecerá vixente mentres non se comunique o contrario.

ARTIGO 38.–ASEMBLEAS.

Os traballadores disporán dun máximo de 5 horas ao ano para asembleas, dúas das cales non poderán coincidir en ningún caso en xueves ou venres.

ARTIGO 39.–EMPREGO.

En tanto en canto se manteña a actual carga de traballo derivada da relación contractual con ENDESA para a limpeza industrial da Central Térmica, garantirase "ad personam" o emprego ao persoal procedente de FCC, durante a vixencia deste Convenio.

En todo caso, a Empresa comprométese a empregar os mecanismos establecidos no Decreto Lexislativo 1, de 24.3.95, que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

ARTIGO 40.–REVISIÓN SALARIAL.

O incremento pactado para os anos de vixencia deste convenio será do IPC previsto para os anos 2007 y 2008 máis 1 punto.

Páctase unha cláusula de revisión salarial que será de aplicación sobre a táboa salarial vixente o 31 de decembro de 2006 e 31 de decembro de 2007, e que consistirá na diferenza entre o IPC real dos anos 2007 e 2008 e o IPC previsto para os devanditos anos. A revisión terá efectos retroactivos a 1 de xaneiro de 2007 e a 1 de xaneiro de 2008.

ARTIGO 41.–SEGURIDADE E HIXIENE.

En materia de Prevención de Riscos e Saude Laboral rexerá o disposto na lexislación vixente.

ARTIGO 42.–CONDICIÓNS MÁIS BENEFICIOSAS.

Os traballadores que, con anterioridade a este Convenio, viñeran gozando de mellores condicións consideradas no seu conxunto en cómputo anual, que as aquí pactadas, conservarán as mesmas.

CLÁUSULA ADICIONAL PRIMEIRA

Para o non previsto neste Convenio rexerá o disposto no Convenio Colectivo de "LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS" da Coruña.

CLÁUSULA ADICIONAL SEGUNDA

Os atrasos que se deriven da aplicación deste Convenio serán satisfeitos, como máximo, coa nómina do mes de abril.

CLÁUSULA ADICIONAL TERCEIRA

No suposto de negociarse e que se chegue a asinar un Convenio Colectivo das Empresas Auxiliares de ENDESA das Pontes, no que participe na Comisión Negociadora a parte empresarial de "UTE MAESSA-LAINSA", producirase a adhesión ao mesmo, sempre que así o decida a asemblea de traballadores deste Centro de Traballo, respetándose as condicións máis beneficiosas que a xuício dos traballadores existan no actual Convenio.

BENEFICIOS SOCIALES ANO 2007

XUBILACIÓN ANTICIPADA	
Aos 60 anos	4.612,00
Aos 61 anos	4.150,82
Aos 62 anos	3.691,49
Aos 63 anos	3.228,40
Aos 64 anos	2.767,20
PRÉSTAMOS REINTEGRABLES	
Fondo	21.399,56
Importe	1.341,98

AXUDAS DE CUSTOS	
Axuda completa	45,70
Xantar + cea	27,42
Xantar ou cea	15,42
SEGURO DE ACCIDENTES	
Falecemento	32.187,53
Invalidez permanente	36.785,75

TABOA SALARIAL ANO 2007						
Conceptos		Xefe de	Oficial	Oficial	Peón	Peón
	Capataz	equipo	primeira	segunda	especial	ordinario
Salario base	28,47	27,31	27,31	26,36	25,41	24,43
Complemento de actividade	12,93	12,93	12,93	12,93	12,64	12,64
Comp. distancia-transporte	7,26	7,26	7,26	7,26	7,26	7,26
Complemento de central		3,99	3,99	3,99	3,99	3,99
Comp. de Instrumentación		4,30	4,30	4,30	4,30	4,30
Pagas extras		831,12	831,12	831,12	831,12	831,12
Paga de beneficios		831,12	831,12	831,12	831,12	831,12
Retén fin de semana		29,94	29,94	29,94	29,94	29,94
Complemento de nocturnidad		8,03	8,03	8,03	8,03	8,03
Com. tóxico, penoso y perigoso		15,33	15,33	15,33	15,33	15,33
Complemento pistola presión		4,30	4,30	4,30	4,30	4,30
Complemento barredora					2,70	2,70
Comp. trituración, art. 21		1,79	1,79	1,79	1,79	1,79
Complemento especial planta 6		2,78	2,78	2,78	2,78	2,78
Prima caldeira completa		574,78	574,78	574,78	574,78	574,78
Prima chemineas		67,08	67,08	67,08	67,08	67,08
Prima manta e alimentadores		23,00	23,00	23,00	23,00	23,00
Prima traballos art. 22.4		59,02	59,02	59,02	59,02	59,02
Prima precipitadores		88,43	88,43	88,43	88,43	88,43
Axuuda de comida		7,47	7,47	7,47	7,47	7,47
Hora extra normal		10,38	10,38	10,38	10,38	10,38
Hora extra festiva		12,98	12,98	12,98	12,98	12,98